



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

R.P. 4355/2022.- Aprobación das bases do Programa F0300/2022

Por resolución do Presidente da Deputación núm. 4355, do 24 de xaneiro de 2022, aprobáronse as Bases reguladoras do programa de subvencións a entidades lucrativas para a produción de proxectos singulares de especial interese cultural na provincia da Coruña durante o ano 2022 , co seguinte texto:

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DESTINADO A ENTIDADES LUCRATIVAS PARA A PRODUCCIÓN DE PROXECTOS SINGULARES DE ESPECIAL INTERESE CULTURAL NA PROVINCIA DA CORUÑA - ANO 2022.

Unidade Xestora	Servizo de Acción Social, Cultura e Deportes
Sección	Sección de Educación, Cultura e Deportes
Anualidade	2022
Programa	F0300/2022
Obxecto	Produción de proxectos singulares de especial interese cultural na provincia da Coruña
Beneficiarios	Persoas físicas ou xurídicas, constituídas como entidades lucrativas, establecidas nun estado membro da Unión Europea, que acrediten que realizan as actividades obxecto deste programa
Aplicación orzamentaria	0612/3341/479
Importe da convocatoria	275.000 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe do orzamento de gastos	Mínimo 10.000,00 €
Importe da subvención a conceder	Mínimo 3.000 € Máximo 30.000,00 €
Importe máximo a solicitar	Ata o 80% do orzamento de gastos subvencionable
Coefficiente de financiamento	Ata o 0,80

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades privadas da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

1.- BASES XERAIS DIRIXIDAS A ENTIDADES CON ÁNIMO DE LUCRO

Base 1.- Réxime xurídico xeral

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas pola Deputación da Coruña está constituído polas leis e disposicións que se citan a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, polas normas que se citen, no seu caso, na base 1 da parte específica, así como por cantas outras normas, legais ou regulamentarias, que conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobada por Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro
- Lei 6/2020, do 11 de novembro, reguladora de determinados aspectos dos servizos electrónicos de confianza.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Lei galega 11/2007, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- RD-Lei 17/2022 do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-2019.
- Regulamento (UE) nº 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L 352, do 24 de decembro).
- Regulamento orgánico e Bases de execución do orzamento de 2022 da Deputación da Coruña.
- Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña do 30 de xullo do 2021, BOP 150, do 10 de agosto de 2021,
- Ordenanza xeral de administración electrónica da Deputación da Coruña do 6 de novembro do 2015, BOP 56 do 23 de marzo de 2016.
- Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña do 15 de setembro de 2017 , BOP núm.186 do 29 de setembro de 2017.

Base 2.- Tramitación telemática e sinatura de documentación

2.1.- Tramitación telemática

Polo que se refire ao tipo de tramitación, esta realizarase de maneira telemática (a través da plataforma Subtel).

A tramitación telemática aplicarase a todas as fases do procedemento: solicitude, concesión, xustificación, desistencia e renuncia, incluíndo en cada unha delas as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e emenda de deficiencias, así como os envíos de documentación que sexan necesarios para tramitar os expedientes.

A entidade deberá dispoñer dun único enderezo de correo electrónico de contacto durante toda a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando lle notifique a circunstancia pertinente á Deputación.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non cubran nos cuestionarios telemáticos os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

2.2.- Sinatura de documentación

A documentación deberá vir asinada como se indica:

- No caso das **persoas físicas**, pola persoa autónoma ou ben polo seu representante legal autorizado/a.
- No caso das **persoas xurídicas**, polo/a administrador/a ou representante legal autorizado/a.

Base 3.- Obxecto, forma, prazo e documentación da solicitude

3.1.- Obxecto

Na solicitude deberá indicarse o obxecto da actividade/investimento/proxecto para a que se solicita subvención, de forma clara, concreta e precisa, cunha denominación diferenciada do título da convocatoria, que permita coñecer as actuacións que se van desenvolver, salvo as excepcións previstas nas bases específicas.

3.2.- Forma

As entidades interesadas en participar en cada convocatoria deberán presentar unha solicitude a través do apartado correspondente á convocatoria da plataforma telemática Subtel (na páxina web <https://sede.dacoruna.gal/Subtel/>) cubrindo os campos da solicitude e presentando toda a información que se solicita, téndose por non presentadas as rexistradas fóra da plataforma Subtel.

No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento.

Só poderá concederse unha subvención anual por entidade, salvo as excepcións previstas nas bases específicas da convocatoria.

Non se admitirá máis dunha solicitude por entidade en cada convocatoria, salvo as excepcións previstas nas bases específicas.

Considérase unha soa entidade, todas aquelas nas que as persoas socias, administradoras ou directivas sexan comúns nunha porcentaxe superior ao 50% en dúas ou máis entidades, nos termos establecidos na Lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que puidesen encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio.

No caso de presentación de varias solicitudes nunha mesma convocatoria, só se terá en conta a última presentada, que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores.

Non axustarse aos termos desta convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

3.3.-Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio do extracto de cada convocatoria que se publicará no BOP, por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións.

3.4.- Documentación a presentar

As entidades deberán acreditar o cumprimento dos requisitos indicados nas presentes bases referidos á data anterior á publicación da convocatoria e achegar a documentación correspondente a cada convocatoria, que se recolle no punto 3.- Anexo I Documentación da solicitude.

Base 4.- Compromisos e obrigas

Os/as beneficiarios/as da presente convocatoria deberán cumprir, os seguintes compromisos e obrigas:

- As entidades solicitantes neste programa deberán estar **legalmente constituídas** na data de finalización do prazo de solicitudes.
- Cumprir con todos os **requisitos** indicados nestas bases.
- Declarar no momento de presentación da solicitude que **non presenta máis dunha solicitude** por entidade ou persoa física (autónomo/a) na mesma convocatoria. No caso de que a solicitante sexa unha persoa física, declaración de que non forma parte dunha sociedade que solicite outra subvención na presente convocatoria.
- Non estar incurso en ningunha das **prohibicións** previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Atoparse ao corrente nas súas **obrigas** coa Facenda Pública, Seguridade Social e Deputación da Coruña e autorizar á Deputación para obter as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente.
- Cumprir coa normativa de **minimis** e declarar o importe das axudas concedidas nos últimos 3 anos.
- Declarar a **obtención de subvencións ou axudas** procedentes doutras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.
- Comunicar de inmediato a través da Plataforma de tramitación telemática Subtel calquera **modificación** que puidese afectar a algún dos datos recollidos na solicitude inicial realizada.
- Empregar a subvención outorgada para o **mesmo fin** para o cal foi concedida, axustándose aos termos das bases xerais e específicas de cada convocatoria e de conformidade coa lexislación vixente.
- Solicitaren, polo menos, **tres ofertas** de distintas empresas provedoras no caso de que o gasto sexa superior a 15.000 € (IVE excluído) para prestaren servizos ou subministracións, nos termos do artigo 31.3. da Lei 38/2003, do 17

de novembro, xeral de subvencións, conforme co disposto na Lei galega 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

- Dar o seu consentimento ao **tratamento de datos** de carácter persoal e a súa publicación de acordo con a lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

- Utilizaren, con carácter xeral, unha **linguaxe non sexista e inclusiva**, elaborar materiais que fomenten a igualdade, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.

- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con **menores**, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. (De acordo coa Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación do Código civil e da Lei de axuízamento civil).

- Faceren constar a **colaboración da Deputación** da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixeren das actividades subvencionadas, así como na súa páxina web.

Calquera **comunicación ou publicación** das accións desenvolvidas ou calquera información ou materiais de promoción (folletos, carteis ou presentacións en formato electrónico) deberán incluír o logotipo da Deputación da Coruña

Na parte específica do programa concretaranse os medios para o cumprimento da obriga de dar publicidade á achega provincial.

Esta obriga entenderase como mínimo desde a data de concesión e ata o pagamento da subvención.

- Non se subvencionarán solicitudes que exclúan a **lingua galega**. Os proxectos subvencionados deberán ter como lingua vehicular de desenvolvemento a lingua galega, así como tamén o será dos soportes divulgativos das actividades (web, redes sociais, cartellaría, folletos e equivalentes) e de calquera outro aspecto vinculado, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.

- Xustificar o cumprimento dos obxectivos, requisitos, condicións e da finalidade suxeita á subvención, someténdose ás **actuacións de comprobación e control**, que poderá efectuar a Deputación da Coruña, así como outras comprobacións e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, internos ou externos, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Así mesmo, as entidades beneficiarias das subvencións teñen a obriga de **conservaren os documentos xustificativos** da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de catro anos, que se han contar dende a data do cobro da subvención, en tanto que poderán ser obxecto das correspondentes actividades de control.

- Autorizar á Deputación a consultar os **datos fiscais** relacionados coa súa actividade empresarial.

Estes requisitos e obrigas complétanse coas previstas na parte específica das bases da convocatoria.

A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou das obrigas asumidas como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental, poderá dar lugar á extinción do dereito ao seu goce ou á modificación da resolución de concesión, ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador conforme ao previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións así como cantas responsabilidades de todo orde poidan derivarse.

Base 5.- Procedemento de concesión e aprobación.

O procedemento de concesión da subvención recollida nesta base tramitarase en réxime de concorrència competitiva, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Aos efectos desta lei, terá a consideración de concorrència competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións se realiza mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración fixados nestas bases reguladoras e na súa posterior convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obteñan maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Logo de que o servizo correspondente, como órgano instructor, teña determinadas as solicitudes que reúnen todos os requisitos regulados nestas bases, someteraas a un **comité técnico de valoración**, no caso de estar previsto na parte específica da convocatoria, designado polo órgano competente e composto por un mínimo de tres persoas expertas ou de recoñecido prestixio profesional sobre a materia, que deberá facer unha valoración e asignación de puntos a cada solicitude, aplicando os criterios establecidos en cada convocatoria específica segundo o previsto no apartado anterior. As funcións de secretaría dos comités técnicos serán realizadas por persoal funcionario do servizo correspondente, con voz, pero sen voto.

En función dos puntos asignados, e dentro do límite máximo do crédito dispoñible, a xefatura do servizo instrutor realizará proposta motivada, na que expresará a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención e a súa contía, así coma as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite.

Na súa proposta de resolución, e por motivos argumentados baseados na insuficiencia orzamentaria, a unidade xestora poderá deixar fóra da concesión aquelas solicitudes que figuren no tramo de puntuación máis baixa.

En caso de producirse empate na puntuación mínima para obter a subvención, atenderase á data e hora de presentación das solicitudes empatadas, primando aquelas que se presentasen con anterioridade e atendendo ao crédito dispoñible.

Exceptúase a obriga de facer a valoración e asignación de puntos de cada solicitude cando o crédito consignado sexa suficiente para atender a todas as solicitudes, que reúnan os requisitos, polo importe solicitado.

A concesión realizarase segundo o regulado na parte específica da convocatoria, que poderá optar por unha das seguintes opcións en canto ao procedemento a seguir:

- **Concesión provisional/definitiva**

Logo da preceptiva fiscalización do órgano interventor, sobre a proposta realizada polo servizo instrutor, a Presidencia ditará resolución de concesión provisional, que deberá notificárselles ás persoas interesadas concedéndolles un prazo de dez días hábiles para presentaren, se é o caso, a desistencia da solicitude, reformulación, cambio de obxecto, ou as alegacións que estimen oportunas. No caso de non formular desistencia expresa, a subvención entenderase aceptada tacitamente.

As alegacións que, de ser o caso, presenten as persoas interesadas, deberán ser estudadas polo órgano instrutor e, unha vez emitido o correspondente informe-proposta, remitiranse ao órgano interventor para a súa fiscalización. Con base nese informe-proposta, a Presidencia ditará a resolución definitiva de concesión. No caso de que non se presentaran alegacións no prazo establecido para o efecto, a resolución ata entón provisional terá o carácter de definitiva.

- **Concesión definitiva**

No caso de que a Unidade Xestora, detecte calquera deficiencia referida á solicitude ou documentación achegada, realizará requirimento ao solicitante, para que a emende a través da plataforma Subtel, dispoñendo dun prazo de 10 días naturais para aceptar a notificación e 10 días hábiles desde esta aceptación para a corrección das deficiencias requiridas. No caso de que o/a solicitante non emende neste prazo, teráselle por desistido da súa solicitude.

A Presidencia da Deputación ditará resolución de concesión definitiva, que deberá ser notificada aos/ás interesados/as mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia.

As resolucións de concesión deberán conter a relación dos/as solicitantes aos/ás que se lles concede a subvención e a desestimación expresa das restantes solicitudes.

Reformulación de solicitudes

Cando o importe da subvención concedida sexa inferior ao importe solicitado, entenderase automaticamente reformulada a solicitude de subvención.

Cambios de obxecto

Non se admitirán cambios de obxecto, salvo as excepcións previstas nas bases específicas.

O simple cambio dalgún dos conceptos de gasto subvencionados non se considerará

cambio de obxecto, tampouco o cambio de lugar onde se faga a actividade, pero haberá que comunicarlle telematicamente á Deputación esa circunstancia antes de que se produza.

Base 6.- Prazo de resolución e notificación

O prazo máximo para resolver será de 9 meses a contar desde o día de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, de acordo co artigo 23.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A resolución conterá a relación de solicitudes ás que se lles concede a subvención e a desestimación expresa das restantes solicitudes. Notificaráselle aos interesados segundo o previsto no artigo 40 da Lei 39/2015 e publicarase no BOP segundo o regulado no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015 por ser un acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva.

Base 7.- Desistencia da solicitude ou renuncia á subvención

7.1. Antes da concesión - desistencia da solicitude

Unha vez presentada a solicitude e antes da concesión, as entidades solicitantes, poderán desistir da súa petición. A desistencia realizarase por escrito mediante a presentación do modelo correspondente que estará dispoñible na plataforma Subtel.

7.2. Despois da concesión - renuncia á subvención

Unha vez publicada a resolución definitiva de concesión da subvención polo órgano competente, as entidades beneficiarias poderán renunciar á subvención por circunstancias excepcionais debidamente xustificadas axustándose ao modelo que estará dispoñible na plataforma Subtel.

Base 8.- Publicidade das subvencións concedidas

A Deputación Provincial da Coruña publicará as subvencións concedidas na Base de Datos Nacional de Subvenciones.

A Deputación entenderá cumprida a obriga de dispor dun Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, ao que se refire a disposición adicional sexta da Lei de subvencións de Galicia, mediante a publicación na Base de datos nacional de subvencións da información prevista no artigo 20 da Lei 38/2003.

Base 9.- Xustificación e pago

9.1. Prazo de xustificación

Segundo o indicado nas bases específicas.

9.2. Documentación

A indicada no punto 3.- Anexo II Documentación da xustificación.

9.3. Tramitación da xustificación

Unha vez recibida a documentación, a unidade xestora comprobará a correcta xustificación da subvención.

No caso de ser **correcta**, será emitido un informe-proposta de aprobación da xustificación presentada.

No caso de que a documentación fose **incorrecta ou insuficiente**, darase un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento, ditándose a resolución de perda do dereito ao cobro, que será notificada á entidade beneficiaria.

A Deputación da Coruña poderá requirirle á entidade beneficiaria a documentación que estime pertinente para os efectos de comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.

Neste proceso de control, a Deputación poderá efectuar comprobacións materiais encamiñadas á verificación da realización efectiva das actividades ou investimentos subvencionados, mediante a visita ás entidades por parte de funcionarios provinciais, de acordo co disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Completada a documentación e emitido o informe-proposta favorable ao pagamento, o expediente será remitido ao órgano interventor, para o efecto de que se emita o preceptivo informe de fiscalización previo á aprobación da xustificación e pagamento.

Producirase o reintegro ou a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de:

- Falta de xustificación ou xustificación insuficiente.
- Falta de achega da documentación requirida.
- Demais causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

9.4. Consideracións xerais

• As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos, que deberán axustarse aos conceptos aprobados na concesión definitiva e que figurarán en cada expediente de solicitude.

• O coeficiente de financiamento defínese como o cociente entre o importe da subvención solicitada e o importe do orzamento de gastos presentado.

• O orzamento subvencionado que se ha xustificar será o resultado de dividir o importe da subvención concedida polo coeficiente de financiamento.

• En todo caso o importe da subvención a aboar non pode ser de tal contía que, en concorrencia con outras subvencións ou axudas de administracións públicas ou de entidades privadas máis os ingresos derivados da actividade ou investimento superen o custo da dita actividade ou investimento.

- Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención, terase en conta o seguinte:
 - No caso de que se xustifique gasto por un importe **igual ou superior ao orzamento** subvencionado para xustificar, aboarase a totalidade da subvención.
 - No caso de que se xustifique gasto **inferior ao 100% e igual ou superior ao 50% do orzamento** subvencionado para xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención.
 - No caso de que se xustifique gasto **inferior ao 50% do orzamento** subvencionado para xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.
- A persoa beneficiaria deberá pagar os provedores de bens e servizos así como as persoas traballadoras, mediante transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante (perceptora da subvención), a persoa beneficiaria (provedora do ben, servizo ou persoas traballadoras), o concepto, o importe e a data de pago.

Non obstante, para os gastos que non excedan de 150 € admitiranse os pagamentos en metálico.

- A entidade beneficiaria da subvención provincial deberá pagar os seus gastos xustificativos antes de que transcorra un mes contado a partir da percepción da subvención. No caso contrario, o dito gasto considerarase como non válido para efectos de xustificación da subvención.

Gastos subvencionables

- Só se considerarán gastos subvencionables os que resulten imputables contablemente a algún dos conceptos fixados no orzamento que se tomou en consideración no acto de concesión da subvención sempre que resultaran estritamente necesarios para executar o proxecto ou actividade subvencionada e se teñan devindicado no prazo previsto na convocatoria.
- As bases específicas desta convocatoria detallan as contas e a descrición dos gastos que se consideran subvencionables na mesma.
- O importe de IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade.
- A empresa que facture os bens ou servizos debe estar dada de alta na actividade económica correspondente aos bens ou servizos que provee, e recollida no *Certificado de situación censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria* con anterioridade á data de emisión da factura.
- O importe do gasto subvencionable non poderá superar o valor razoable segundo as normas contábeis nin o prezo de mercado.
- Non sen poderán utilizar intermediarios que se limiten a xestionar a compra ou o servizo aumentando así o prezo final facturado.

9.5. Pago

O pago farase efectivo unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos indicados nas bases reguladoras e realizárase con carácter xeral nun pago único, salvo as excepcións que poidan regular as bases específicas.

O pagamento terá que realizarse no prazo máximo de catro meses desde que a persoa beneficiaria presentara completamente a documentación xustificativa.

Logo do preceptivo informe de fiscalización do órgano interventor, ditarase a resolución de aprobación da conta xustificativa ou, se é o caso, de anulación e perda do dereito ao cobro.

Emitida resolución de pagamento, a tesourería preparará a orde de transferencia correspondente a prol da conta bancaria designada pola persoa beneficiaria no modelo establecido con carácter xeral para todos os pagamentos pola Deputación.

No caso de non atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Facenda Pública, Seguridade Social e Deputación da Coruña, e de que teña xustificado o cumprimento das condicións da subvención, advertirase á entidade beneficiaria de que non se procederá ao pagamento e concederáselle un prazo de tres meses para xustificar que ten regularizada a súa situación; de non achegar xustificación non indicado prazo declararase a perda do dereito á subvención outorgada.

Base 10.- Subcontratación

De acordo coa establecido no artigo 27 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, enténdese que un beneficiario subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade subvencionada. Queda fóra deste concepto a contratación de aqueles gastos en que teña que incurrir o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

Para determinar a existencia de subcontratación atenderase ao obxecto social da entidade solicitante concretado nos epígrafes do IAE, prevalecendo este último en caso de discrepancia.

Admitirase a subcontratación para as prestacións de bens e servizos que non poida proveer por si mesma a entidade solicitante, ao estaren fóra do seu obxecto social. Non se poderán contratar as ditas prestacións con terceiros intermedios que se limiten a xestionar a compra ou o servizo sen engadir valor adicional, aumentando así o prezo final facturado.

Así mesmo, admitirase a subcontratación co límite **máximo do 40 por cen** da actividade subvencionada importe do orzamento subvencionable, sumando os importes de todos os subcontratos.

En ningún caso poderá concertarse polo beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.
- Persoas ou entidades que perciban outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- Intermediarios ou asesores nos que os pagos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, a menos que este pago estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou os servizos prestados.
- Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, salvo que concorran as circunstancias previstas na **base 11**.
- Persoas ou entidades solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, que non obteñan subvención por non reunir os requisitos ou non acadar a valoración suficiente.

Base 11.- Operacións vinculadas

No caso de que o solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade obxecto da subvención con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade, segundo o disposto no artigo 29.7.d) da Lei xeral de subvencións, **no momento da solicitude deberá presentar solicitude de autorización**.

Considérase que existe vinculación coas persoas físicas e xurídicas nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 68.2 do RD 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

Para contratar a persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, deben cumprirse os seguintes requisitos:

1. Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación
2. Que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.
3. Que a contratación de actividades e servizos con persoas vinculadas non supere o límite **máximo do 40 por cen** da actividade subvencionada, sumando os importes de todos os contratos con persoas vinculadas.

No caso de servizos profesionais prestados polos socios baixo unha relación laboral non dependente que se xustifiquen mediante unha factura para a retribución dos seus servizos, considerarase operación vinculada.

Base 12.- Incumprimentos e sancións.

O incumprimento dos prazos na **presentación das solicitudes** de axuda ou da emenda da documentación correspondente se procedese, suporá a exclusión do proceso de valoración para o outorgamento da subvención.

Se unha vez transcorrido o prazo de **xustificación** sinalado na parte específica destas bases sen que a entidade presentase a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirá para que a presente no prazo improrrogable de 15 días desde a notificación, advertíndolle que, noutro caso, perderá o dereito ao cobro, sen prexuízo das responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións.

A presentación da documentación neste prazo excepcional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que lle corresponda segundo a gradación das sancións pecuniarias pola comisión de infraccións leves recollidas na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña vixente.

No caso de imposición de sancións e aceptada esta pola beneficiaria, aplicarase a compensación do importe da sanción mediante desconto no mandamento de pago.

Base 13.- Protección de datos persoais

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Deputación da Coruña coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para facilitar o exercicio dos dereitos, a Deputación pon ao seu dispor un modelo de solicitude (<https://www.dacoruna.gal/documentacion/impresos-oficiais>).

2.- BASES ESPECÍFICAS

Base 1. Obxectivos

A difusión, extensión e accesibilidade da oferta cultural do sector profesional e do non profesional no conxunto do territorio, o fomento da densidade e cooperación cultural a través do apoio a concellos e entidades sen fins de lucro e o apoio directo a creadores e creadoras a través dos premios e bolsas artísticas, son algunhas das liñas mestras xa asentadas na política cultural da Deputación desde hai anos.

Ao seu carón conviven no sistema cultural actual as iniciativas procedentes do campo das entidades lucrativas que traballan neste campo: iniciativas de artistas ou empresas culturais que, en moitos casos, achegan enfoques e prácticas de alto interese pola súa natureza innovadora, experimental, relacional ou social.

Os sectores privados da cultura xeran riqueza, emprego e valor cultural e simbólico para a sociedade á que pertencen. No caso galego, pola especificidade de contarmos cunha lingua propia cunha problemática específica, a produción cultural privada en galego ten un valor duplo. Dun lado garante que como sociedade teñamos capacidade produtiva propia e viva no ámbito cultural. É dicir, contribúe a facer da galega unha sociedade capaz de xerar contidos e discurso cultural propio, de seu, facendo visible a nosa identidade a través dunha produción cultural autónoma, e no noso idioma. Doutro, esa singularidade resulta, a un tempo, un valor engadido –en tanto singulariza a oferta- e un condicionante –porque carece de estruturas de apoio e conleva condicionantes obxectivos no mercado cultural-.

A existencia dun tecido cultural privado, que ofrezca contidos de calidade e de interese en lingua galega, e capaz de gañar músculo, solvencia, autonomía e capacidade de ser rendíbel, resulta fundamental para o desenvolvemento cultural normalizado do noso país e esixe da posta en marcha de políticas de apoio desde o ámbito público.

Por todo o anterior, a Deputación da Coruña, no desenvolvemento das súas competencias en materia cultural e no marco do diálogo e a coordinación con outras administracións públicas, quere poñer en marcha unha convocatoria específica de subvencións destinada a entidades lucrativas para o apoio ao desenvolvemento de proxectos singulares de especial interese cultural. A creación desta convocatoria vén complementar a existencia das liñas de apoio a entidades non lucrativas que atenden este tipo de proxectos.

Lingua galega

O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado en 1981, puxo fin no plano legal á prohibición e discriminación padecida pola lingua galega durante a Ditadura franquista, dispoñendo no seu artigo 5º que:

1. A lingua propia de Galicia é o galego.
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.
3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

Pola súa banda, a Lei de Normalización Lingüística, aprobada en 1983, sinala no seu artigo 4.1 que o galego, como lingua propia de Galicia, é a lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma; no seu artigo 6.1, que os cidadáns teñen dereito ao uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración pública no ámbito territorial da comunidade autónoma; no seu artigo 6.2, que as actuacións administrativas en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada; no seu artigo 6.3, que os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns; e no artigo 10 que os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega e que lle corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos topónimos de Galicia.

Finalmente, o artigo 7.1 da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia especifica que o galego, como lingua propia de Galicia, tamén o é da súa Administración local. Ademais, detalla que as convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, resolucións nas comisións informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e todos os actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das corporacións locais se redactarán en lingua galega. Pola súa parte, desde o ano 2017 esta Deputación conta cunha Ordenanza de Usos da Lingua Galega que define o marco lingüístico de funcionamento interno e os criterios que rexen neste aspecto.

A pesar do recollido no devandito marco legal, a evolución do contexto cultural e a carencia de políticas de apoio á lingua galega no plano social e educativo nas últimas décadas fai que, como sinalan todos os datos dos estudos científicos realizados ao respecto, a lingua galega continúe hoxe a vivir unha situación de evidente desigualdade social, e que a produción cultural, científica e comercial realizada en lingua galega atope grandes dificultades para se poder desenvolver en normalidade no noso propio país.

A Área de Cultura da Deputación da Coruña, consciente desta realidade e convocante desta liña de subvencións, considera que as administracións públicas galegas temos a obriga legal e o deber político de garantir que non se produzan discriminacións nin desigualdades, sexan estas da natureza que sexan, e dentro delas tampouco as que se dan nos usos lingüísticos. O ámbito público debe ser exemplar no seu esforzo e compromiso para facer posible en Galicia o que hoxe non o é: vivir con normalidade en galego, en todos os campos da vida social, cultural e económica. Para logralo, son fundamentais as políticas públicas que apoiem claramente a diversidade cultural e garantan o dereito á produción e ao acceso cultural no noso idioma. Non desenvolver políticas de apoio á lingua galega supón contribuír, por deixación de responsabilidade pública, á súa minoración social e á continuidade e agravamento da desigualdade hoxe existente.

Base 2.- Financiamento

Estas axudas fináncianse con cargo ao Orzamento xeral da Deputación para o exercicio 2022 na aplicación orzamentaria 0612/3341/479 por un importe de 275.000,00 €. Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria no caso de existir crédito adecuado e suficiente.

As entidades deberán presentar un orzamento mínimo de gasto de 10.000,00 € do cal poderán solicitar, como máximo, o 80%.

Base 3.- Obxecto

O obxecto deste programa é apoiar especificamente a produción de proxectos singulares de especial interese cultural realizados por entidades lucrativas.

Para os efectos deste programa, enténdese por proxectos singulares de especial interese cultural aquelas iniciativas que desenvolvan propostas artísticas e/ou culturais en lingua galega que resulten de interese para o desenvolvemento cultural a través da achega dun valor engadido de carácter social (igualdade, dereitos, diversidade, respecto medioambiental, estima colectiva, cohesión social, integración...), patrimonial (memoria, coñecemento, difusión social) ou artística (innovación, experimentación, propostas de risco...).

Os proxectos e iniciativas susceptibles de apoio neste programa F0300 poderían abordar, sempre desde o ámbito da cultura, temáticas como a cohesión e integración social, a defensa das diversidades e a convivencia intercultural, a sensibilización medioambiental, o traballo en favor da igualdade, a integración de persoas con diversidade funcional, a educación en valores, o desenvolvemento territorial, a recuperación demográfica ou a revitalización das identidades comunitarias a través do seu patrimonio material e inmaterial común. Trátase pois de proxectos culturais que, desde a súa natureza cultural e artística, achegan valor para o progreso social nalgún deses campos devanditos, valorándose a temática que aborden, a capacidade de vinculación e participación directa dos colectivos relacionados con ela e o impacto e definición dos públicos ou colectivos destinatarios.

As actividades subvencionadas deberán desenvolverse de forma maioritaria no territorio da provincia da Coruña e co galego como lingua vehicular.

Base 4.- Entidades solicitantes

Estas axudas van dirixidas ás persoas físicas ou xurídicas, constituídas como entidades lucrativas con anterioridade á data de publicación da convocatoria, establecidas nun estado membro da Unión Europea, que acrediten que realizan as actividades obxecto deste programa.

Base 5.- Compromisos e obrigas específicas

Ademais dos compromisos e obrigas previstas na parte xeral, as entidades terán os seguintes de xeito específico:

- Faceren constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixeren das actividades ou investimentos subvencionados, así como na súa páxina web. As entidades beneficiarias, na difusión das actividades subvencionadas en redes sociais, deberán incluír ou etiquetar nas súas entradas aos perfís da Área de Cultura da Deputación: @DACCultura no TWITTER e <https://www.facebook.com/daccultura/> no FACEBOOK.

- As entidades beneficiarias deberán ter sempre a súa páxina web oficial en lingua galega e o conxunto de soportes informativos e de difusión das súas actividades (folletos, carteis, cuñas de audio, programas de man, etc) deberán de estar sempre en lingua galega, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.

O incumprimento das obrigas levará parella a perda da subvención.

Base 6.- Exclusiones

• Non se subvencionarán solicitudes que exclúan a lingua galega. Os proxectos subvencionados deberán ter como lingua vehicular de desenvolvemento a lingua galega, así como tamén o será dos soportes divulgativos das actividades (web, redes sociais, cartellaría, folletos e equivalentes) e de calquera outro aspecto vinculado, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.

• Os/as socios/as ou accionistas dunha sociedade non poderán solicitar subvención a nivel individual se xa a presentaron como parte da sociedade e viceversa.

Base 7.- Gastos subvencionables

Terán a consideración de gastos subvencionables dentro desta liña, aqueles gastos que resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento da actividade subvencionada e que se atopen dentro dos seguintes códigos de concepto de gasto:

Conta	Descrición da conta
600	Compras de bens destinados á actividade (material non inventariable)
607	Traballos realizados por outras empresas
621	Arrendamentos e canons (arrendamentos de maquinaria, vehículos, locais ou instalacións; dereitos de autor)
607	Traballos realizados por outras empresas
624	Transportes (só gastos de desprazamentos concertados con terceiros en transporte público ou privado agás os que deban incluírse na conta 629)
627	Publicidade e propaganda
629	Outros servizos (só gastos de viaxe (desprazamento, manutención ou aloxamento) do persoal da entidade necesarios para a realización da actividade)
640	Soldos e salarios
642	Seguridade Social
	Gastos de difícil xustificación (ate un 5% do importe total do orzamento subvencionable)
	Gastos imprevistos (ate un 5% do importe total do orzamento subvencionable)

Consideracións respecto aos gastos subvencionables:

• **Todos os gastos subvencionables deberán estar directamente relacionados co desenvolvemento do proxecto subvencionado. Non se subvencionan en ningún caso gastos indirectos ou propios do funcionamento ordinario da entidade solicitante (persoal non adscrito especificamente ao proxecto, gastos de asesoría, cotas empresariais, gastos xerais...).**

• **Unicamente** serán obxecto de axuda os gastos de **carácter corrente**, en ningún caso bens inventariables.

• **Na relación clasificada dos gastos** deberanse achegar:

- As **facturas** ou documentos xustificativos correspondentes aos gastos efectivamente realizados, que detallarán os conceptos facturados e con prezos unitarios.

- Para os **gastos de persoal** correspondentes á actividade subvencionable gravaranse para cada traballador/a e mes dous rexistros:

1. Na **conta 640** polo importe bruto da nómina (ou polo importe que corresponda en función do tempo destinado ao proxecto subvencionado), achegando a correspondente nómina e o xustificante de pago da mesma.

2. Na **conta 642** polo importe da Seguridade Social a cargo da entidade, xustificado mediante o informe de "Cálculos globais do/a traballador/a".

• No caso de que a solicitante sexa unha **persoa física (autónomos)**, o único gasto subvencionable serán as cotizacións á Seguridade Social.

• No caso de **socios e administradores** suxeitos ao **régime xeral** da Seguridade Social ou asimilado, admitirase o gasto de persoal co límite do 60% do orzamento subvencionado que se ha xustificar.

• Na **conta 607 - Traballos realizados por outras empresas** inclúense:

- Traballos necesarios para o proxecto encargados a outras empresas.

- Os gastos de manutención e aloxamento necesarios para a realización da actividade, que non son non imputables á conta 629 por non ser persoal propio da empresa.
- Consideraranse gastos imprevistos aqueles necesarios para o desenvolvemento da actividade que non foran incluídos no orzamento inicial. A entidade deberá aclarar o seu contido e a conta á que son imputables.
- No caso dos gastos de difícil xustificación, os ditos gastos admitiranse previo informe positivo da unidade xestora. A entidade deberá aclarar o seu contido e a conta á que son imputables.

Non son gastos subvencionables neste programa:

- Os gastos de desprazamento, manutención e aloxamento, agás que estean vinculados directamente ao desenvolvemento do proxecto subvencionado.

Estes gastos deberán especificarse detalladamente na memoria, indicando o motivo, persoas e datas. Ademais, para o caso dos desprazamentos orixe e destino.

- Os gastos protocolarios (premios, agasallos, caterings...).
- Os gastos financeiros.
- O IVE ou, de ser o caso, os impostos indirectos equivalentes cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, non terán a consideración de gastos subvencionables. Polo tanto, no caso de que o beneficiario estea suxeito á obriga de presentar declaración de IVE, o importe máximo imputable de cada gasto será a base imponible. Noutro caso (operacións exentas de IVE), a entidade poderá imputar o total da factura para cada gasto.

Finalmente, no caso de que algunha das actuacións previstas na memoria do proxecto non poida realizarse por mor da COVID-19, serán aboados aos beneficiarios das subvencións aqueles gastos incluídos na convocatoria e sempre que se cumpra o previsto no artigo 14 do citado Real Decreto 17/2022, que estean debidamente acreditados e non recuperables nos que incurrixe para a realización do proxecto ou actividade subvencionados, cando non puideran levarse a cabo tal e como estaba previsto na memoria inicial, como consecuencia das medidas que se aproben polas autoridades competentes para facer fronte á crise socio-sanitaria do COVID-19. Estes gastos non recuperables deberán estar pagados polo beneficiario da subvención e acreditados conforme ás normas de xustificación recollidas na base 9 das bases xerais.

Base 8.- Período subvencionable

As actividades obxecto deste programa deben realizarse no período comprendido entre o **1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2022**. En relación á súa temporalidade, as solicitudes poderán ter dobre carácter:

1. Proxectos anuais, é dicir, nos que se formule a realización dun proxecto con actividades concretas para o período subvencionable.
2. Unha fase concreta que forme parte dun proxecto plurianual, sempre limitándose ás actividades que se desenvolvan durante o exercicio económico actual.

Base 9.- Compatibilidades e exclusións

As subvencións destes programas son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As subvencións deste programa son incompatibles con calquera outra liña de subvención do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes.

Non serán obxecto de subvención neste programa:

- As actividades xa subvencionadas pola Deputación da Coruña no presente exercicio. Non se poderá financiar o mesmo obxecto cunha subvención de concorrencia e outra nominativa, por seren incompatibles, así que a/o beneficiaria/o tería, necesariamente, que renunciar a unha delas.
- As actividades promovidas por persoas ou entidades que foran sancionadas ou condenadas por resolución administrativa ou sentenza firme pola comisión de condutas discriminatorias nos termos dispostos na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- As actividades promovidas por persoas ou entidades que utilicen na súa actividade linguaxe sexista ou empreguen a imaxe da muller como reclamo ou connotacións de tipo sexual ou denigrante segundo o disposto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro.

- Os proxectos ou fases de proxectos plurianuais que reciban subvención nesta convocatoria non poderán presentarse á mesma nos seguintes 3 anos naturais.

- As actividades xa incluídas na Rede Cultural da Deputación da Coruña.

Base 10.- Valoración das solicitudes e concesión

A concesión das subvencións realizarase mediante réxime de concorrència competitiva e será aprobada por resolución da presidencia, polo procedemento de **concesión provisional/definitiva** regulado nas bases xerais destas axudas.

A cantidade que se concederá será a suma agregada dos diferentes criterios e as súas respectivas ponderacións, tendo en conta os límites máximos e mínimos cuantitativos e porcentuais establecidos, así como o redondeo ao céntimo das cantidades resultantes.

Esta cantidade en ningún caso poderá superar os 30.000 €.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración dos proxectos, de acordo cos baremos establecidos nesta convocatoria.

Para a revisión das solicitudes, o baremo e puntuación destas crearase unha **comisión técnica**, que estará composta por tres persoas expertas e de recoñecida traxectoria no ámbito deportivo obxecto de esta convocatoria, que non teñan relación con ningún dos solicitantes nin relación directa cos proxectos que se poidan presentar.

Esta comisión poderá propoñer a exclusión de solicitudes por inadecuación argumentada destas ou falta de calidade mínima dos proxectos para os que se solicita a axuda.

As memorias coa información das solicitudes deberán contemplar toda a información para posibilitar a adecuada valoración das solicitudes. Non se terán en conta para a puntuación -nin se fará requirimento deles- aqueles aspectos da memoria non acreditados ou non informados debidamente polo solicitante.

A entidade solicitante deberá completar todos os apartados das plantillas da Memoria para posibilitar a adecuada valoración das solicitudes.

Non se terán en conta para o baremo - nin se fará requirimento sobre - aqueles aspectos non acreditados ou non informados debidamente pola entidade solicitante.

VALORACIÓN AUTOMÁTICA.

1. Identificación do proxecto, natureza da entidade solicitante e capacidade relacional (ata 20 puntos)

- A persoa física beneficiaria da subvención é muller ou, no caso das entidades, o capital social desta está constituído, no mínimo, por un 50% de mulleres. **2 puntos.**

- A persoa física beneficiaria da subvención é unha persoa con diversidade funcional ou, no caso das entidades, o capital social desta está constituído, no mínimo, por un 50% de persoas con diversidade funcional. **2 puntos.**

- O proxecto desenvolveuse en edicións anteriores á aquela pola que solicita subvención na presente convocatoria: máis de 5 anos, **3 puntos**; máis de 3 anos, **2 puntos**; menos de 3 anos, **1 punto.**

- Que o proxecto conte con cartas de apoio previo de asociacións sen ánimo de lucro que traballen directamente no eido ao que vai dirixida a iniciativa: 1 punto por cada unha, ata un **máximo de 5 puntos.**

- Que a elaboración e/ou desenvolvemento do proxecto inclúa accións en colaboración directa con centros educativos públicos da provincia: 1 punto por centro, ata un **máximo de 5 puntos.**

- Que a elaboración e/ou desenvolvemento do proxecto inclúa accións presenciais ou telemáticas en colaboración directa con asociacións sen ánimo de lucro, que estean radicadas en diferentes concellos da provincia da Coruña e diferentes ás que acheguen carta de apoio. 1 punto por asociación, ata un **máximo de 3.**

2.- Importe da subvención e diversificación do orzamento (ata 40 puntos)

- Coeficiente de financiamento do proxecto. **Ata 12 puntos.**

- Que o orzamento conte con patrocinios ou axudas monetarias ou en especie de entidades e/ou empresas diferentes á propia entidade solicitante e á Deputación da Coruña: 1 punto por cada fonte de ingreso superior a 300 € diferente das devanditas, até un máximo de **5 puntos.**

- Que o orzamento de comunicación e difusión, incluídos gastos de mercadotecnia e plan de patrocinio, sexa igual ou superior ao 15% do orzamento total: ata **3 puntos.**

- Contribución do orzamento ao mantemento e creación de emprego. **(Ata 20 puntos).** É necesario indicar o número total de persoas con soldos e salarios -exclusivamente relacións laborais- vinculadas directamente ao proxecto, explicando: as funcións concretas e traballos específicos que desenvolverá cada persoa dentro do proxecto, o número total de

horas de cada persoa e o prezo por hora traballada e o tipo de relación laboral que cada persoa manterá coa entidade subvencionada.

VALORACIÓN DA COMISIÓN TÉCNICA

Características e calidade técnica do proxecto, segundo a valoración dunha Comisión técnica de persoas profesionais e expertas/os de recoñecida traxectoria e prestixio no campo da cultura, tendo en conta o interese cultural e singularidade da proposta (ata 40 puntos). Quedarán excluídos de forma automática aqueles proxectos que non acaden un mínimo de 20 puntos na valoración da Comisión de Valoración Técnica. Teranse en conta:

- **Interese da proposta.** Valorarase a adecuación da actividade proxectada ás finalidades previstas na convocatoria, a coherencia dos obxectivos, a innovación na súa metodoloxía de desenvolvemento. **Ata 15 puntos.**
- **Calidade e solvencia do proxecto.** Valorarase a metodoloxía de desenvolvemento do proxecto, a viabilidade deste tendo en conta a proposta de cronograma e ámbito territorial das accións, os medios materiais, o equipo profesional previsto, a adecuación do orzamento presentado, a calidade do plan de difusión e a existencia de indicadores cuantitativos e/ou cualitativos de impacto social. **Ata 10 puntos.**
- **Contidos e enfoque social.** **Ata 15 puntos.** Valorarase a finalidade e impacto dos proxectos culturais no ámbito social, tendo en conta elementos como a perspectiva de xénero, as estratexias sociolingüísticas e de apoio a lingua galega, a sustentabilidade ambiental, o respecto á diversidade, etc. Para isto, na memoria presentarase un documento específico coas cláusulas sociais, de xénero e de sustentabilidade ambiental e lingüístico-cultural que vai desenvolver cada proxecto, e que será valorado pola Comisión de Valoración Técnica.

Base 11.- Prazo de xustificación

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día **31 de marzo de 2023, ás 14:00 horas.**

Disposición adicional primeira

A presentación dunha solicitude de subvención supón a aceptación das correspondentes bases reguladoras.

Disposición adicional segunda

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito a favor das entidades solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

3.- ANEXO DOCUMENTACIÓN

ANEXO I- Documentación da solicitude.

Os solicitantes teñen que achegar:

- Declaracións e compromisos xerais
- Declaracións sobre os datos de valoración automática
- Memoria do proxecto
- Datos económicos da solicitude: importe, orzamento e declaración das fontes de financiamento
- Documentación complementaria

1.- Declaracións e compromisos xerais

- Declaro que no momento de presentación da solicitude non presento máis dunha solicitude por entidade ou persoa física (autónomo/a) na mesma convocatoria. No caso de que a solicitante sexa unha persoa física, declaro de que non formo parte dunha sociedade que solicita outra subvención na presente convocatoria.
- Así mesmo, declaro que as persoas socias, membros ou traballadores/as non concorren á mesma convocatoria.
- Declaración de que as actividades obxecto da subvención se realizarán de forma maioritaria no ámbito territorial da provincia da Coruña.
- Declaración de emprego da lingua galega na presentación, desenvolvemento e difusión social do proxecto.
- Autorización á Deputación para obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesorería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Declaración de non estaren incursas a persoa representante e a entidade nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para seren beneficiarias ou percibiren subvencións da Administración pública, dispostas no art. 13 da Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 novembro.

- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores de idade, certificación de que comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como trata de seres humanos. Igualmente, para o persoal que se incorpore con posterioridade ás actividades subvencionadas, compromiso de facer a comprobación a que se refire este apartado.

No caso de que a realización das actividades non implique o contacto habitual con menores de idade, deberán achegar unha certificación da entidade neste senso.

- Declaración responsable sobre a veracidade da información que consta na documentación achegada, que a Deputación da Coruña poderá comprobar en calquera momento.

- Declaración de que a entidade cumpre todos os requisitos esixidos ás entidades solicitantes na Ordenanza Xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña e nas Bases reguladoras da presente convocatoria e, no caso de resultar beneficiaria da subvención, comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fehaciente o seu cumprimento no caso de ser requirido pola Deputación.

- Declaración sobre o coñecemento da información relativa á protección de datos (base 11 das bases xerais).

2. Declaracións sobre os datos de valoración automática

- A persoa física solicitante é muller ou, no caso de entidades, o capital social desta está constituído, no mínimo, por un 50% de mulleres (acreditarase na memoria do proxecto)

- A persoa física solicitante é unha persoa con diversidade funcional ou, no caso das entidades, o capital social, está constituído, no mínimo, por un 50% de persoas con diversidade funcional (acreditarase co certificado correspondente)

- N.º de edicións do proxecto, anteriores á aquela pola que solicita subvención na presente convocatoria (acreditarase na memoria do proxecto)

- O proxecto conta con cartas de apoio previo de asociacións sen ánimo de lucro que traballan no eido ao que vai dirixida a iniciativa (acreditarase na memoria do proxecto)

- O orzamento conta con 3 ou máis máis fontes de ingresos (monetarias ou en especie), sendo 1 delas outra entidade diferente á/as promotora/s e á propia Deputación da Coruña (acreditarase na memoria do proxecto)

- O orzamento de comunicación e difusión, incluídos gastos de mercadotecnia e plan de patrocinio, é igual ou superior ao 15% do orzamento total (desagregar estes conceptos no orzamento de gastos)

- A elaboración e/ou desenvolvemento do proxecto inclúe accións en colaboración directa con centros educativos públicos da provincia (nº de centros, acreditarase na memoria do proxecto)

- A elaboración e/ou desenvolvemento do proxecto inclúe accións en colaboración directa con asociacións sen ánimo de lucro que estean radicadas en diferentes concellos da provincia da Coruña.

- Valoración dos soldos e salarios directamente vinculados ao proxecto que se presenta e do número total de horas de traballo previstas, para avaliar a contribución do proxecto ao mantemento e creación de emprego.

3. Memoria do proxecto

As entidades solicitantes presentarán unha Memoria do proxecto para o cal se solicita a subvención, asinada polo representante, que conterá todos os aspectos que se valorarán segundo o establecido na base 10:

A. Identificación do proxecto. Nome da persoa ou entidade que formula a solicitude e resumo breve da proposta presentada.

B. Natureza da entidade solicitante e capacidade relacional do proxecto. Para a redacción deste apartado teranse en conta os criterios de valoración que figuran na base 10.

Presentarase un breve CV dos profesionais e/ou empresa/s que promoven a proposta, por un lado, e unha explicación da traxectoria do proxecto en anteriores fases ou edicións, de ser o caso.

Explicarase a existencia ou non de colaboracións entre empresas, a realización de accións con asociacións, centros educativos, colectivos culturais e sociais, etc. do territorio e poderase presentar, se for do seu interese, cartas de apoio previo de asociacións que traballen no eido ao que vai dirixida a iniciativa.

C. Características e calidade técnica do proxecto. Realizarase unha fundamentación razoada indicando:

- Interese da proposta. Descrición da adecuación da actividade proxectada ás finalidades previstas na convocatoria, a coherencia dos obxectivos, as persoas e colectivos destinatarios e o impacto social e cultural previsto. Indicarase

expresamente en que consiste o proxecto, como se vai desenvolver, en que datas e con que destinatarios, cale é o perfil e número estimado de persoas destinatarias que se beneficiarán directa ou indirectamente do proxecto, que indicadores cuantitativos e/ou cualitativos de impacto social se empregarán para medir a consecución dos obxectivos do proxecto, así como estimación previa dos valores que se espera acadar e os colectivos aos que se dirixe o proxecto e perspectivas e enfoques cos que se desenvolverá.

- Calidade e solvencia do proxecto. Descrición da metodoloxía de desenvolvemento do proxecto, a viabilidade deste tendo en conta a proposta de cronograma e ámbito territorial das accións, os medios materiais, o equipo profesional previsto, a adecuación do orzamento presentado, a calidade do plan de difusión e a existencia de indicadores cuantitativos e/ou cualitativos de impacto social.

- Contidos e enfoque social. Valorarase a presenza da perspectiva de xénero no deseño e desenvolvemento do proxecto, se vai dirixido ou implica a persoas con diversidade funcional e/ou sensorial, se desenvolve estratexias específicas de natureza sociolingüística, se atende ou inclúe o ámbito da recuperación e posta en valor da identidade local, o patrimonio cultural e /ou o medio, e se o desenvolvemento do proxecto contribúe á creación de emprego estábel e supón unha mellora no mapa de axentes culturais do territorio do que fai parte. Para isto, na memoria presentarase un documento específico coas cláusulas sociais, de xénero e de sustentabilidade ambiental e lingüístico-cultural que vai desenvolver cada proxecto, e que será valorado pola Comisión de Valoración Técnica.

4. Importe da subvención, outros ingresos e orzamento

A entidades solicitantes presentarán neste apartado:

- Importe da subvención solicitada, que poderá acadar como máximo o 80% do orzamento de gastos.
- Orzamento desagregado con e sen IVE. Diversificación do orzamento e plan de difusión do proxecto no que figuren todos os gastos subvencionables, indicarse expresamente as fontes de ingresos previstos (monetarios ou en especie).
- Declaración das fontes de financiamento do proxecto (achega da entidade solicitante, outros recursos externos para o autofinanciamento), así como declaración doutras subvencións concedidas ou solicitadas para o mesmo obxecto. Só se valorarán as achegas nominativa e cuantitativamente consignadas neste documento.

5. Documentación complementaria

No caso de persoas físicas:

- Poder suficiente da persoa representante e asinante da solicitude para actuar en nome da persoa solicitante.
- Alta no IAE ou ,si é o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (modelo 036).
- Documentos de solicitude e resolución de recoñecemento de alta no réxime especial de traballadores autónomos da Seguridade Social.

No caso de persoas xurídicas:

- Poder suficiente da persoa representante e asinante da solicitude para actuar en nome da persoa xurídica solicitante.
- Alta no IAE ou ,si é o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (modelo 036).
- Estatutos ou calquera outro documento análogo que acredite a condición de empresario.
- Escritura de constitución.
- Certificado de inscrición no rexistro público correspondente.
- Declaración responsable de que os seus socios, membros ou traballadores non concorren á mesma convocatoria.

Todos os solicitantes deben presentar a seguinte documentación xeral, estruturada nos seguintes apartados:

- Declaración das subvencións obtidas nos tres últimos exercicios fiscais, para os efectos de comprobar que non exceden de 200.000 €, de conformidade co previsto no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1407/2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.
- Declaración responsable da valoración de horas que motiven a previsión de nóminas e gastos de seguridade social directa e exclusivamente asociados a este proxecto.
- Solicitude de autorización, se procede, en caso de que a persoa solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade ou proxecto subvencionado con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade, (segundo o disposto no artigo 29.7, d, da Lei Xeral de subvencións e artigo 68 do Regulamento desta Lei aprobado por RD 887/20016, do 21 de xullo)

- No caso de no orzamento se prevexa a contratación dun servizo que exceda o importe de 15.000€, (IVE excluído), nos termos do artigo 31.3. da Lei 38/2003 deberá achegar os tres orzamentos solicitados, e a motivación da contratación da empresa seleccionada.
- Certificación dos datos bancarios da entidade, segundo o modelo aprobado pola Deputación da Coruña. En caso de que estes datos xa consten no ficheiro de terceiros da Deputación, non resultará preciso achegar este documento.

ANEXO II-Documentación da xustificación

- Memoria das actividades desenvolvidas na anualidade, que conterá como mínimo os seguintes aspectos: as actividades realizadas, temporalización, ámbito territorial, cuantificación e perfil das persoas beneficiarias, repercusión en medios de comunicación e redes sociais e indicación dos resultados obtidos. No aspecto económico, indicárase de forma pormenorizada o orzamento subvencionado, o executado e as desviacións producidas.
- Certificación acreditativa dos gastos realizados, con identificación das persoas acreedoras (nome da empresa e NIF ou, no seu caso, nome, apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión e detalle da retención do IRPF, nos casos que proceda) e das desviacións acontecidas en relación ao orzamento.
- Para os gastos de persoal indicárase para cada traballador/a o mes, a data, o importe bruto da nómina e o importe da Seguridade Social con cargo á entidade, así como a porcentaxe da xornada laboral que en cada caso se lle impute á actividade que se está a xustificar. Se a entidade ten algunha bonificación nas cotas da Seguridade Social ao seu cargo, terá que facer referencia ao seu fundamento legal na documentación achegada, achegando copia dos boletíns de cotización dos traballadores. Neste caso, a entidade deberá achegar a correspondente autorización individual asinada por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.
- Con respecto ao xeito de presentación na relación clasificada de gastos, o importe bruto do salario reflectido na nómina deberá incluírse no capítulo relativo aos gastos de persoal, mentres que as cotizacións á Seguridade Social deberán constar no capítulo correspondente. Os documentos xustificativos serán as nóminas e os xustificantes de pagamento dos soldos, mentres que no caso das cotizacións á Seguridade Social, deberán achegar a RNT (Relación Nominal de Traballadores).
- Contratos de traballo do persoal, nóminas dos meses correspondentes, boletíns de cotización á Seguridade Social e declaración-liquidación das retencións practicadas; se é o caso, finiquitos de liquidación.
- Facturas ou documentos equivalentes incluídos na certificación da relación clasificada de gastos.
- Declaración de si está ou non exenta de IVE e se está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible, xa que só poderá terse en conta o cargo con dito imposto cando sexa soportado pola entidade e na porcentaxe que non sexa deducible.
- Declaración da entidade na que se faga constar que o gasto foi reflectido, na forma preceptiva, no libro de contabilidade da entidade, segundo o disposto no art. 14.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- No caso de ter contratado un servizo que exceda o importe de 15.000€, (IVE excluído), nos termos do artigo 31.3. da Lei 38/2003 deberá achegar os tres orzamentos solicitados, e a motivación da contratación da empresa seleccionada.
- Relación detallada de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos das subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos ingresos que xere a propia actividade subvencionada ou, pola contra, declaración de non ter outros ingresos públicos ou privados para o mesmo obxecto.
- Declaración das subvencións obtidas nos tres últimos exercicios fiscais, para os efectos de comprobar que non exceden de 200.000 €, de conformidade co previsto no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1407/2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.
- **Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración** da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se faga da actividade subvencionada, e de incluír o logotipo da Deputación en calquera comunicación ou publicación, así como do emprego da lingua galega nos soportes de difusión realizados con posterioridade á resolución da convocatoria.
- Cando a xustificación se presente fóra de prazo, a entidade aceptará a sanción que lle corresponde segundo se recolle nas bases da convocatoria, así como a compensación do importe da sanción no pagamento da subvención.

De conformidade co art. 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no caso de que na certificación de gastos figuren persoas acreedoras, tanto físicas como xurídicas vinculadas coa entidade beneficiaria, estes deberán corresponderse cos indicados na solicitude de subvención e para as que se outorgase a autorización expresa da Deputación.

Unicamente se admitirán xustificantes de gastos correspondentes a actividades realizadas entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2022. Os xustificantes de gasto terán que estar expedidos no período sinalado.

No caso de concorrencia de subvencións públicas que estean xustificadas, poderá achegarse certificación da administración que lla concedeu, na que se detallan os conceptos subvencionados e os importes xustificados, así como o período ao que se refiren os gastos.

4.- ANEXO CRITERIOS INTERPRETATIVOS PARA A TRAMITACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

Aos efectos de facilitar a xustificación das subvencións concedidas, achéganse os seguintes criterios de interpretación para a tramitación das mesmas:

1. No que respecta aos gastos, deberán de estar en todo caso vinculados ao proxecto (non se admiten gastos de carácter xeral) e por tanto consideraranse validamente xustificadas os gastos que indubidablemente sexan necesarios para o desenvolvemento do proxecto presentado. Son gastos necesarios segundo a xurisprudencia aqueles que sexan necesarios para a viabilidade do proxecto ou conculquen nun maior beneficio económico do mesmo.

2. No que atinxe aos gastos do persoal das entidades, admitirase como gasto validamente xustificado o documentado mediante as nóminas dos traballadores dependentes e suxeitos ao réxime xeral da Seguridade Social e dos socios e administradores suxeitos ao réxime xeral da Seguridade Social ou asimilado pero non daqueles integrados no réxime especial de traballadores autónomos. Neste último caso (socios e administradores suxeitos ao réxime xeral da Seguridade Social ou asimilado) admitirase o gasto co límite do 60% do orzamento subvencionable.

3. Servizos profesionais prestados polos socios baixo unha relación laboral non dependente: No caso de que xustifiquen estes gastos mediante unha factura para a retribución dos seus servizos, consideraranse que concorre o suposto recollido no artigo 27 da Lei de Subvencións (operacións vinculadas) e no artigo 68.2 do Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, e non poderá superar o 40% do importe da actividade subvencionada.

4. Sobre as operacións vinculadas, pode consultar os supostos de vinculación recollidos no artigo 27 da Lei de Subvencións (operacións vinculadas), no artigo 68.2 do Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións e no artigo 22 da Ordenanza xeral de subvencións (BOP nº 72 do 15 de abril de 2019).

5. En materia de subcontratación:

- Enténdese subcontratación a contratación de prestacións que podería realizar a entidade solicitante por si mesma por estar comprendidas dentro do seu ámbito de actividade.

- Para valorar a concorrencia de subcontratación comprobarase o obxecto social da entidade solicitante recollido nos seus estatutos, así como os epígrafes do IAE nos que se atope dada de alta. No caso de discrepancia, prevalecerá este último.

- Non se considera subcontratación os gastos nos que incorran as entidades solicitantes para a realización por si mesmas da actividade subvencionada (art. 29 da Lei xeral de subvencións).

- Finalmente non se considera subcontratación a prestación de servizos de intermediación en materia de publicidade (axencias de publicidade) sempre que se poda acreditar que non incrementa o custe dos servizos prestados e cumpren o previsto no artigo 22.1 da Ordenanza xeral de subvencións.

A Coruña, 24 de xaneiro de 2022.

O presidente,

Valentín González Formoso

A secretaria,

Amparo Taboada Gil

2022/408